



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

NOTIFICACIÓN DE ACORDO DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Comunícolle que, con data 22-10-2025 o Alcalde - Presidente ditou a seguinte resolución con número 215/2025 que de seguido se transcribe:

“DECRETO DA ALCALDÍA

Asunto: CONVOCATORIA DE SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2025.

EXPEDIENTE:2025/G010/000007

Convocase Pleno Extraordinario debido ó prazo de participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ Adicional 4/2025”

Visto o artigo 46.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 134 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, é polo que

ACORDO:

Primeiro. Convocar a sesión extraordinaria do Pleno, que terá lugar na Casa do Concello o vindeiro día **27 de outubro de 2025 (luns) ás 12:00 horas**, coa seguinte orde do día:

1º Dación de conta do Decreto de Alcaldía núm. 211/2025 de data 17/10/2025 polo que se aproba a Liquidación do exercicio 2024.

2º Aprobación da participación no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) “POS+ Adicional 4/2025”.

3º Modificación de credito modalidade de suplemento de crédito 2025/SC/01.

Segundo. Notificar este decreto aos/ás Srs./Sras. Concelleiros/as e publíquese no taboleiro de anuncios do Concello.

Frades, asinado dixitamente na data que figura na marxe polo alcalde Roberto Rey Martinez ante min, a secretaria, que asino aos únicos efectos de fe pública.”

Comunícaselle isto para o seu coñecemento e para os efectos oportunos, e fágolle saber que este acordo é definitivo na vía administrativa e que contra el poderá formular un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte a esta notificación, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de A Coruña

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

na forma prevista pola Lei reguladora da dita xurisdición, do 13 de xullo de 1998. Tamén poderá interpor, con carácter potestativo e previo ao expresado recurso contencioso-administrativo, un recurso de reposición ante o órgano que ditou esta resolución no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao que reciba esta notificación, en cuxo caso non poderá interpor o recurso contencioso-administrativo se non é dentro dos prazos fixados pola mencionada lei, desde que lle sexa notificada a resolución expresa ou desde que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto; esta desestimación presunta producirase se transcorre un mes sen que se ditase e notificase a resolución do recurso de reposición. Porén, advírtolle que poderá utilizar calquera outro recurso se o cre conveniente.

Frades, mércores 22 de outubro de 2025

Documento asinado dixitalmente pola Secretaria Dona María Lourdes Castro Pena